



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Anuncio convocatoria e bases unha praza de arquitecto/a urbanismo

Convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de Arquitecto/a.

Por Decreto de Alcaldía número 1904/2023, de data 31 de maio de 2023, aprobouse a convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de Arquitecto/a, persoal funcionario, do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición (OEP 2022), que de seguido se expoñen:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A, PERSOAL FUNCIONARIO, DO CONCELLO DE ARTEIXO POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN (OEP 2022)

1.OBXECTO

É obxecto da presente, a regulación do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda aberta, para cobertura en propiedade dunha praza de persoal funcionario do posto de ARQUITECTO/A, correspondente á escala de Administración Especial, subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A1 (establecidos no artigo 76 do RDLex 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do EBEP), incluída na OEP 2022 do Concello de Arteixo (BOP de A Coruña número 82, de 2 de maio de 2022).

A praza convocada correspóndese co posto establecido na RPT en vigor (BOP de A Coruña, número 242, de 22 de decembro de 2021), e presenta, de acordo coa mesma, as seguintes características:

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Clasificación del puesto				Titulación académica	Adscripción	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala				
050103	Arquitecto/a	F	2	28	21.610,71 €		C	AL	A1	Administración Especial	Técnica	Grado Universitario superior, (Licenciado ou equivalente) con nivel habilitante para o desenvolvemento profesional do posto	Área 5		(D)

- L/F: F (Posto reservado a Funcionario)
- Dot: Número de dotación de postos de traballo coas características descritas.
- C.D.: Nivel de Complemento de Destino conforme se desprende da valoración do posto.
- C.E.: Importe anual do Complemento Específico conforme se desprende da valoración do posto. O importe do concepto CE é incrementado anualmente na porcentaxe establecida polas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado, e concordantes.
- ADM (Adscripción a Administracións Públicas): "AL" (Funcionarios propios da Administración Local)
- Observacións: (D) Dispoñibilidade, de acordo coa valoración de postos, dispoñibilidade parcial.

Entre os cometidos funcionais propios do posto, segundo o Catálogo de Postos e a RPT referida, figuran os propios do posto de Arquitecto/a, baixo a dependencia funcional e orgánica do/a xefe/a de servizo, sen prexuízo das atribucións de dirección do Concelleiro/a delegado de urbanismo Concelleiro/a delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, coa seguinte enumeración de funcións:

- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes técnicos proposta de proxectos de elaboración, modificación, revisión, desenvolvemento e xestión do planeamento urbanístico, de iniciativa pública e privada.
- Redacción, coordinación e elaboración de documentos técnicos en materia competencial da titulación, tanto de obra pública como de planeamento, así como a redacción, planificación e control de execución dos proxectos urbanísticos municipais.

- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes técnicos proposta de expedientes de obras, actividades, urbanizacións e licencias de primeira ocupación etc., de iniciativa pública e privada en materia de urbanismo, así como proxectos de división, segregación, regularización de predios e parcelacións
- Realización dos traballos de incorporación, actualización e mantemento dos bens do Patrimonio Municipal do Solo.
- Emisión de informes previos a emisión de certificacións de carácter urbanístico.
- Control, inspección e seguimento da execución dos proxectos e memorias técnicas en materia de urbanismo, así como das edificacións e construcións xa rematadas e das actividades
- Elaboración da documentación técnica e dos proxectos de adquisición de bens inmobles de natureza urbanística (incluído os proxectos de expropiación).
- Elaboración do prego de prescricións técnicas particulares nas materias da súa competencia. No suposto de ser realizada por outro técnico ou servizo, prestará a colaboración e asesoramento requirido.
- Coordinación técnica con outras Administracións Públicas na súa materia competencial.
- Asistencia a órganos colexiados, comisions técnicas e grupos de traballo que se lle encomenden.
- Asunción de dirección de obras de carácter público, de acordo á súa titulación.
- Redacción, coordinación e elaboración de estudos, valoracións e taxacións, en materia da súa competencia.
- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes-proposta en materia de disciplina urbanística, ordes de execución e expedientes de ruina
- Informe-proposta de recursos administrativos e alegacións relacionados coa materia da súa competencia Atención 6 público en materia da súa competencia.
- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes para a solicitude e xustificación de subvencións a favor do Concello na materia da súa competencia
- Responsable dos contratos na área da súa competencia, con especial seguimento e control do cumprimento das obrigas contractuais sinaladas nos pregos e nas ofertas económicas.
- Emisión de informes referidos a avaliación de desempeño e implementación da carreira profesional do persoal ao seu cargo coa planificación inicial de obxectivos e memoria final anual
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais.

2. REQUISITOS ESIXIDOS

2.1.- Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1º Nacionalidade: Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2º Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto por desempeñar.

3º Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

4º Habilitación: Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, tanto para o acceso á función pública como para exercer funcións similares como persoal laboral sen que fose separado ou inhabilitado.

No caso dos estranxeiros, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos mesmos termos que os dos españois.

5º Titulación: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condicións de obtelo na data en que remate o pazo de presentación de instancias: TÍTULO DE ARQUITECTO SUPERIOR con titulación habilitante para o exercicio da profesión regulada (nivel de cualificación 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior)

Os/as aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

Este requisito non será de aplicación aos/ás aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

6º Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega Celga 4, equivalente ou superior. Os/as aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

2.2.-Os requisitos establecidos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata o momento do efectivo ingreso nesta Administración

3. INSTANCIAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, toda vez se teñan publicadas as presentes Bases reguladoras no BOP de A Coruña e remitido anuncio de convocatoria no DOG.

Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, ademais de presentar a documentación requirida.

A instancia acompañarase inescusablemente da seguinte **DOCUMENTACIÓN (únicamente 5 documentos)** :

1. **Titulación** esixida como requisito nas presentes Bases.
2. Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2ª.1. 4º) ou, no seu caso, **declaración contida no Modelo de instancia** adxunto ás presentes Bases
3. **AUTOBAREMO asinado** segundo Modelo adxunto ás presentes Bases (ANEXO 3).

NON DEBE PRESENTARSE DOCUMENTACIÓN DE MÉRITOS NO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS. A acreditación documental de méritos académicos e profesionais expostos no Autobaremo realizarase con **carácter posterior á fase de oposición**, habilitándose un prazo de 10 días hábiles para que unicamente os/as aspirantes Aptos da oposición aporten a documentación de tales méritos. Se algún/ha aspirante non aportara o Autobaremo, quedará excluído do proceso selectivo. Incluso os/as aspirantes con cero puntos de méritos deberán aportar tal documento asinado .

4. Copia do Celga 4, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización de proba de **galego**
5. **Carta de pagamento** de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (Tesourería- Rendas)

Para o pago de dereitos de exame, os/as aspirantes deberán poñerse en contacto co Departamento de Rendas (981-65-90-29/981-65-90-30/981-65-90-31 ou rendas@arteixo.org) antes das 14:00 do último día de prazo de presentación de instancias, a fin de que lles remitan unha carta de pagamento/ documento de liquidación de taxas, que deberá facerse efectivo dentro do prazo de presentación de instancias e que se poderá pagar de calquera das seguintes maneiras :

- a) nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborables: Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank, Banco Sabadell
- b) a través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
- c) ou con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador <http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a Ordenanza Fiscal número 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en **35,50 €**, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para subsanación da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015 é de 10 días hábiles dende a publicación no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios e sede electrónica da aprobación da listaxe provisional. Complementariamente e unicamente aos efectos informativos a listaxe provisional publicárase na páxina web municipal.

Na listaxe provisional de aspirantes, tamén se designará nominativamente aos membros integrantes do Tribunal seleccionador.

No caso de non existir aspirantes excluídos/as, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución. Publicárase no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios da Casa do Concello, así como na sede electrónica e complementariamente, aos meros efectos informativos, na páxina web municipal, a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas. Esta publicación no BOP será a determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designarase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido no Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de igualdade, e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1 do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: O/a secretario/a da corporación ou funcionario da corporación que o substitúa (titular e suplente)
- Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo de calquera Administración Pública, preferentemente da administración local da área competencial da praza convocada (titulares e suplentes)

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os cales actuarán con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a, titular ou suplente.

5.4 O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

5.5 Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

5.6 Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/desestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros do Tribunal, de ser o caso.

6.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Desenvolvemento do proceso selectivo: O proceso selectivo a través de procedemento de concurso-oposición consistirá nunha fase de oposición (60%) previa á fase de concurso (40%), de conformidade ao seguinte:

6.1 FASE DE OPOSICIÓN (CARÁCTER ELIMINATORIO)

6.1.1. Desenvolvemento da fase de oposición

a. Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único, e serán excluídos/as do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

b. A orde de actuación dos/as opositores naqueles exercicios ou probas que non podan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», de conformidade co previsto Resolución de 9 de maio de 2022, da Secretaría de Estado de Función Pública (BOE número 114, de 13 de maio)

c. Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no taboleiro de anuncios e, complementariamente, na web municipal e na sede electrónica cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas. Cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolle aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración destes.

d. En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa identidade. Non obstante, os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato.

e. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún/ha dos/as aspirantes non cumpre todos os requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión ao Sr. Alcalde, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.

f. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios e na web municipal, a relación de aspirantes que acadaran o mínimo establecido para superalo con indicación da puntuación (no caso de exercicios eliminatorios) ou ben a cualificación obtida (no caso de exercicios non eliminatorios), podendo publicarse nome e apelidos parciais ou DNI parcial ou código de anonimato dos/as aspirantes presentados/as.

g. O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que teñan que ser corrixidos directamente polo Tribunal sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes. O Tribunal excluírá a aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor/a.

A tal efecto, unha vez efectuada a corrección dos exercicios indicados, procederase por parte do Tribunal á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código identificativo.

h. Os exercicios que se celebren por escrito con desenvolvemento de texto poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o Tribunal.

Como norma xeral, establecerase un prazo de tres días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exámenes realizados ou para presentar alegacións sobre cualificacións outorgadas polo Tribunal. Todo isto, sen prexuízo do establecido legalmente na Base final sobre impugnacións das actuacións do Tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, salvo que o Tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o Tribunal deberá cualificar os exercicios dos/as aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria e, no suposto de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento dos criterios específicos de avaliación por parte dos/as aspirantes, con carácter previo á realización dos exercicios.

6.1.2 . Exercicios da fase de oposición

A oposición constará de catro exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio os/as aspirantes que non acaden a cualificación mínima establecida para cada un deles.

A puntuación máxima que se poderá acadar na fase de oposición será de 60 puntos.

Primeiro exercicio: EXAME TEÓRICO TIPO TEST (carácter obrigatorio e eliminatorio): 15 puntos máximo, mínimo 7,5 puntos para superalo.

Consistirá na realización dun exercicio teórico consistente na realización dun exame tipo test de 100 preguntas con 4 alternativas de resposta (máis 10 preguntas de reserva), preparadas con carácter previo polo Tribunal e relacionadas co temario anexo á presente convocatoria (temario xeral e temario específico).

A cualificación máxima deste exercicio é de 15 puntos, cada resposta correcta puntuará 0,15 puntos, cada resposta errada restará 0,04 e as respostas non contestadas (en branco) non descontan.

A duración máxima para a realización deste exercicio será de dúas horas (120 minutos), podendo o Tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

O exercicio será cualificado de 0 a 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 puntos para superaralo, dado o seu carácter eliminatorio.

Segundo exercicio: EXAME TEÓRICO DESENVOLVEMENTO TEMAS (carácter obrigatorio e eliminatorio): 15 puntos máximo, mínimo 7,5 puntos para superalo.

Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de tres horas, dous temas, de entre catro elixidos aleatoriamente polo sistema de sorteo. Os catro temas elixidos no sorteo, serán dous temas do temario xeral do Anexo e dous temas do temario específico do Anexo, de tal modo que os aspirantes, han de desenvolver obrigatoriamente para superar o exercicio un tema correspondente ao temario xeral, e un tema correspondente ao temario específico.

Cada un dos temas que desenvolvan os/as aspirantes será cualificado de 0 a 7,5 puntos, mentres que o exercicio será cualificado de 0 a 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 puntos para superalo dado o seu carácter eliminatorio.

Toda vez rematado o tempo de exame, o Tribunal poderá determinar a lectura do exercicio se así o estima conveniente, quedando capacitado para realizar canta pregunta/aclaración consideren en relación á exposición escrita dos/as aspirantes. A lectura do exercicio en ningún caso poderá ser superior a 30 minutos para cada un/ha dos/as aspirantes.

No suposto de que algún/ha aspirante non proceda á lectura, no suposto de que o Tribunal determine a mesma, a cualificación do exercicio será directamente non apto, sen mais avaliación, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal..

Terceiro exercicio: EXAME PRÁCTICO (carácter obrigatorio e eliminatorio): 30 puntos máximo, mínimo 15 puntos para superalo.

Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos (máximo 5) propostos polo Tribunal con carácter previo á realización do exame, relacionados co temario xeral e/ou específico anexo ás presentes bases e/ou coas funcións propias da praza convocada, durante un tempo máximo de tres horas.

O exercicio será **cualificado de 0 a 30 puntos**, sendo necesario acadar unha puntuación de 15 puntos para o superar, dado o seu carácter eliminatorio.

Toda vez rematado o tempo de exame, o Tribunal poderá determinar a lectura do exercicio se así o estima conveniente, quedando capacitado para realizar canta pregunta/aclaración consideren en relación á exposición escrita dos/as aspirantes. A lectura do exercicio en ningún caso poderá ser superior a 30 minutos para cada un/ha dos/as aspirantes.

No suposto de que algún/ha aspirante non proceda á lectura, no suposto de que o Tribunal determine a mesma, a cualificación do exercicio será directamente non apto, sen mais avaliación, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal..

Para a resolución deste exercicio e sempre que o Tribunal o considere procedente, os/as aspirantes poderán consultar os textos técnicos, legais e xurisprudenciais non comentados dos que acudan provistos sempre en formato papel. Os membros do Tribunal quedan competencialmente capacitados para revisar o apoio documental dos/as aspirantes, quedando excluído calquera aspirante que utilice textos comentados, casos prácticos ou similares.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos plantexados. Dende estes criterios xerais, a cualificación centrarase nos seguintes criterios de avaliación: A corrección do contido e capacidade analítica, resolutiva e pragmática na proposta/s de intervención concreta efectuada/s (max. 15 puntos), a formulación de conclusións (max. 5 puntos), coñecemento e axeitada referencia e aplicación da lexislación e/ou normativa vixente (max. 5 puntos) e a capacidade expositiva e de síntese (max. 5 puntos) .

A cualificación final do exercicio efectuarase do seguinte xeito: cada membro do Tribunal puntuará cada un dos criterios expostos, outorgando unha cualificación individualizada ao suposto de cada aspirante. Desbotarase as cualificacións indi-

vidualizadas do suposto maior e menor, cando entre estas a diferenza sexa igual ou superior en 5 puntos. Posteriormente calcularase a media entre os membros do Tribunal actuantes cuxa cualificación individualizada se manteña.

No caso de plantexar como exercicio máis dun suposto (ate un máximo de 5) procederase a avaliación segundo o anteriormente exposto e calcularase a media entre o número de supostos plantexados para acadar a cualificación final do exercicio.

Salvagardando sempre as puntuacións máximas dos criterios establecidos, no caso de plantexar varios supostos prácticos polo Tribunal e se se valoran con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado ao/á opositor/a a puntuación de cada un deles e a puntuación máxima dos criterios de cualificación determinados, de ser o caso.

Cuarto exercicio: COÑECEMENTO DE GALEGO (carácter obrigatorio e eliminatorio): será cualificado APTO ou NON APTO.

Consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado polo Tribunal, á lingua galega, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será escollido polo Tribunal do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba, dado que o texto non poderá ter máis de 100 palabras, sendo cualificados como non aptos aqueles/as aspirantes que teñan 10 erros ou máis (tanto de tradución, como de gramática e acentuación).

Deberán realizar esta proba aqueles/as aspirantes que non presenten o certificado no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego Celga 4 esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. Os/as aspirantes que acrediten a posesión do referido título estarán exentos/as da realización desta proba, considerándose neste caso directamente como APTO.

Os/as aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 4 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

6.1.3. Cualificacións da fase de oposición

Toda vez rematada a fase de oposición, o Tribunal elaborará unha listaxe de cualificacións totais provisionais da oposición de todos/as os/as aspirantes que a teñan superado e outorgarase un prazo para presentación de alegacións. Transcurrido o prazo de alegacións, o Tribunal acordará as cualificacións finais da fase de oposición toda vez resoltas as posibles alegacións/reclamacións, determinando os/as aspirantes APTOS que pasan á fase de concurso.

6.2 FASE DE CONCURSO (CARÁCTER NON ELIMINATORIO): BAREMO DE MÉRITOS

Os/as aspirantes declarados APTOS na fase de oposición contarán cun prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte ao anuncio das cualificacións finais da oposición, para achegar toda a documentación acreditativa referenciada no Autobaremo de méritos aportado xunto coa súa instancia.

Non se poderá aportar documentación de méritos non referenciados no Autobaremo nin daqueles que non estean cumpridos na data de expiración do prazo de presentación de instancias. Se algún/ha aspirante non aportara documentación acreditativa dos méritos do Autobaremo no prazo outorgado de 10 días hábiles, será cualificado con 0 puntos na fase de concurso.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 40 puntos e desenvolverase de conformidade ao Baremo de seguido determinado.

BAREMO CONCURSO MÉRITOS:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA (ata un máximo de 15 puntos, non sendo resultado das puntuacións máximas dos diferentes epígrafes)

Unicamente serán valorados aqueles méritos formativos relacionados coa praza convocada e/ou coa Administración pública en relación as funcións e competencias do posto, e realizados por centros homologados, colexios profesionais, sindicatos, Administracións Públicas e similares acreditados oficialmente. No suposto de non figurar o número de horas lectivas (ou conversión de equivalencia, exemplo: créditos) os cursos non serán valorados. No caso de cursos de informática non serán tidos en conta aqueles propios de informática de usuario, así como tampouco aqueles con máis de 10 anos de antigüidade. Ao igual que o resto de cursos/accións formativas, non serán válidos os cursos de informática de Academias privadas e análogos.

A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso/título nin poderán valorarse fraccionadamente, isto é, non serán valorados independentemente os cursos que formen parte dos créditos para obtención dunha titulación académica.

1.A: Formación directamente relacionada coa praza convocada e/ou funcións (máximo 15 puntos, totalidade de méritos académicos):

Outros títulos universitarios, distintos ao establecido como titulación habilitante, relacionados coa área competencial de Obras/Urbanismo (de duración igual ou superior a 300 horas lectivas), Másters (de duración igual ou superior a 300 horas lectivas) ou cursos de Doutoramento e outros cursos de duración lectiva igual ou superior a 300 horas: 3 puntos por cada un.

- Cursos de 150 horas a menos de 300 horas: 2 puntos por cada un
- Cursos de 100 horas a menos de 150 horas: 1,5 puntos por cada un
- Cursos de 75 horas a menos de 100 horas: 1 puntos por cada un
- Cursos de 50 horas a menos de 75 horas: 0,75 puntos por cada un
- Cursos, congresos e outras accións formativas de 25 horas a menos de 50 horas: 0,50 puntos por cada un
- Cursos, congresos e outras accións formativas de menos de 25 horas: 0,15 puntos por cada un

1.B. Outra formación relacionada coa Administración Pública (máximo 5 puntos)

Por formación relacionada coa Administración Pública e indirectamente co posto de traballo, incluída formación transversal (procedemento administrativo, xestión de expedientes, contratación administrativa, administración electrónica, protección de datos e inclusive accións formativas en prevención de riscos laborais, igualdade de xénero e similares): 0,10 por cada 25 horas acumuladas ata un máximo de 5 puntos. A puntuación deste apartado realizarase sumando todas as horas lectivas, dividindo entre 25, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando por 0.10 puntos.

1.C Idioma galego (máximo 1 punto)

Por cursos de galego de nivel superior ao de Perfeccionamento/Celga 4 (que exime da realización do 3º exercicio):

- Curso de linguaxe administrativa, nivel medio: 0,5 puntos;
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto.

Unicamente se valorará o de maior nivel.

2. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 25 puntos)

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes aplicándose o límite máximo de 25 puntos e en ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 25 puntos establecidos:

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo **maís o Informe de Vida laboral** ou, no caso de Administracións públicas, **Informe de Vida laboral mailo certificado expedido polo fedatario público** da Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía de xornada. No caso de que no certificado non se detalle toda esta información deberá aportarse acta de toma de posesión/ contrato ou calquera outra documentación acreditativa oficial. A puntuación da experiencia profesional referida anteriormente está referida a xornada completa, sendo que no suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

2.1. Por experiencia profesional como Arquitecto/a, grupo A1, na Administración Pública local na área competencial de Urbanismo: 0,50 puntos por cada 6 meses acumulados

2.2. Por experiencia profesional como Arquitecto, grupo A1, noutras áreas competenciais do eido local ou noutros niveis da Administración pública ou sector público (autonómica, estatal): 0,40 puntos por cada 6 meses acumulados

2.3. Por experiencia profesional como Arquitecto en empresas privadas como traballador por conta allea: 0,25 puntos por cada 6 meses acumulados ata un máximo de 5 puntos

2.4. Por outra experiencia profesional como Arquitecto en réxime de autónomos/traballador por conta propia: 0,05 puntos por cada proxecto visado polo Colexio de Arquitectos de autoría individual ou grupal ata un máximo de 3 puntos.

As puntuacións de cada apartado outorgaranse sumando todos os días acreditados de experiencia dividindo entre 180, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando pola puntuación correspondente de cada apartado. No suposto de xornadas parciais aplicarase a proporcionalidade correspondente.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios e na web municipal, durante un prazo de 3 días hábiles para posibilitar a presentación de alegacións/reclamacións dos/as aspirantes.

7. CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE NOMEAMENTO E BOLSA DE SUBSTITUCIÓN

A puntuación final do proceso selectivo, aos efectos de ordenación dos/as opositores/as na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición (puntuación final total da fase de oposición) máis a puntuación obtida na fase de concurso. Esta puntuación final, contendo proposta de nomeamento como funcionario/a de carreira, será publicada no taboleiro de edictos, na sede electrónica e na web municipal.

O Tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas (unha) pero non obstante, elaborárase unha listaxe de prelación de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para creación dunha Bolsa de traballo para supostos de renuncia, baixa voluntaria, substitucións de titulares e/ou cobertura temporal de vacantes da plantilla municipal exclusivamente de prazas de análogo corpo e escala. Tal Bolsa de traballo utilizarase, a criterio discrecional motivado desta Administración, tamén para nomeamento interinos por programa/proxecto.

O funcionamento desta Listaxe rexerá polo escrupuloso orde de chamamento ante oferta de nomeamento, con independencia da duración da temporalidade da vacante a cubrir temporalmente. No suposto de que os/as aspirantes desta Bolsa rexeiten a oferta dun nomeamento interino por causa xustificada, quedarán na mesma posición na primeira ocasión, pasando ao final da Listaxe no suposto dun segundo rexeitamento e quedando fóra da mesma, no suposto dun terceiro rexeitamento. Considerarase causa xustificada a acreditación de estar prestando servizos noutra Administración pública, estar en situación de IT ou en permisos relacionados con dereitos de conciliación familiar.

No suposto de que ningún/ha aspirante supere o proceso selectivo, o Tribunal declarará deserta a convocatoria.

No caso de empate nas cualificacións finais, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de oposición, de persistir o empate, prevalecerá o/a aspirante coa maior puntuación no exercicio práctico (suposto práctico). No suposto de persistir o empate, polo/a aspirante coa maior puntuación no primeiro exercicio, e se isto non fora suficiente, e de persistir o empate resolverase pola orde alfabética comezando pola letra "a".

8- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

O/a aspirante proposto/a deberá presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a proposta final de nomeamento), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo departamento de Persoal co fin de efectuar nomeamento e toma de posesión como funcionario/a de carreira desta Administración. Estarán exentos/as, se tivesen relación anterior con esta Administración local, da xustificación documental, aqueles/as que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados/as, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición. Nestes casos, entenderase que o/a aspirante renuncia, decaendo en todos os seus dereitos. Neste suposto, o Alcalde-Presidente formulará proposta a favor do/a seguinte candidato/a segundo a orde de prelación da Listaxe que conforma a Bolsa de traballo segundo as puntuacións totais do proceso selectivo.

A adscripción ao posto de traballo correspondente á praza convocada, terá carácter definitivo e será preciso a permanencia mínima de dous anos na mesma para poder acceder a procesos de provisión de postos.

9. NORMAL FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- RDLex 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do EBEP
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicable
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

ANEXO I: MODELO INSTANCIA

D/Dona con DNI núm:
con enderezo..... C.P..... Localidade.....
e teléfono de contacto..... e e-mail

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias de 1 praza de funcionario/a de carreira de ARQUITECTO/A.

Declaro explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas Bases reguladoras da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes e, non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente **Declaración responsable da exactitude e veracidade** da documentación referida á presente:

1. Titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta
2. Acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (Celga 4 ou perfeccionamento ou equivalente)
3. Autobaremo asinado, segundo Modelo anexo ás presentes Bases reguladoras . NON DEBE APORTARSE DOCUMENTACIÓN DE MÉRITOS, xa que con posterioridade á fase de oposición, os/as aspirantes Aptos da oposición contarán cun prazo de 10 días hábiles para a acreditación documental de méritos.
4. Acreditación de discapacidade de ser o caso e/ou especificación de medidas de adaptación para realización dos exercicios da fase de oposición.
5. Xustificante de pagamento das taxas de exame

Por todo o exposto SOLICITA:

Sexa admitida esta Instancia para participar na convocatoria enriba referida , correspondente á OEP 2022.

Data, DNI e Sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

ANEXO II.- TEMARIO**TEMARIO XERAL**

1. Constitución española. Título Preliminar e Título I. Estrutura. Principios xerais. Dereitos e deberes dos cidadáns.
2. Constitución española. Título II e Título III. A Corona, o Rei e o Refrendo. As Cortes xerais e a elaboración das Leis.
3. Constitución española. Título IV e Título V. Do Goberno e da Administración. Das relacións do Goberno e as Cortes xerais
4. Constitución española. Título VI e Título VII. Do Poder xudicial. Economía e Facenda
5. Constitución española. Título VIII, Título IX e Título X. A organización territorial do Estado. Tribunal Constitucional. A reforma constitucional
6. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título Preliminar e Título I. Disposicións xerais. Interesados no procedemento
8. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título II Actividade das Administracións públicas.
9. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título III. Dos actos administrativos
10. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título IV. Das disposicións do procedemento administrativo común
11. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Título V e Título VI . Revisión dos actos en vía administrativa. Iniciativa lexislativa e potestade regulamentaria.
12. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: Título Preliminar. Capítulo I, II e III .
13. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: Título Preliminar. Capítulo IV, V e VI
14. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Título I
15. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Título II
16. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Título III e IV
17. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar e Título I e II. Disposicións xerais. O municipio.
18. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar e Título III, IV e V. A provincia. Outras entidades locais. Disposicións comúns
19. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar e Título VI, VII e VIII .Bens, Persoal e Facendas Locais
20. Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
21. Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de modificación da Lei de Bases 7/85 de 2 de abril
22. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Tipoloxía de persoal público; procedementos selectivos de acceso e provisión e dereitos e deberes do persoal público.
23. Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público.
24. Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
25. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Especial referencia á delimitación dos tipos contractuais e á aptitude para contratar co sector público
26. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Pregos administrativos e pregos técnicos: características e contido. A preparación dos contratos nas Administracións Públicas.
27. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Tipos de contratos administrativos. Contratos suxetos a regulación harmonizada.

28. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contrato de Obras: Actuacións preparatorias do contrato de obras. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento do contrato. Resolución do contrato.

29. Orzamento municipal. Estrutura de ingresos e gastos. Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.

30. Políticas de igualdade: Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Promoción da igualdade no eido empresarial: os plans de igualdade. Concepto. Obxectivos, contido e fases de implantación.

31. Marco legal e principios xerais da Protección de Datos de Carácter Persoal na Administración Pública.

TEMARIO ESPECÍFICO

1. Aspectos xerais da evolución do urbanismo en España. Distribución de competencias en materia de urbanismo. Lexislación estatal e autonómica. A Sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional.

2. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana. Estatuto básico do cidadán. Estatuto básico da iniciativa e a participación na actividade urbanística.

3. Lei 2/2016, do 10 febreiro, do Solo de Galicia. Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

4. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

5. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Réxime de comunicación previa. Avaliación de incidencia ambiental.

6. Real Decreto Lexislativo 7/2015: Estatuto básico da promoción das actuacións urbanísticas. Criterios básicos de utilización do solo. Situacións básicas do solo. Réxime urbanístico do dereito de propiedade do solo. Contido do dereito de propiedade do solo: en situación rural e en situación urbanizado, facultades, deberes e cargas.

7. Lei 2/2016 e decreto 143/2016: A clasificación urbanística do solo. Solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico. Réxime das distintas clases e categorías do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo.

8. O planeamento urbanístico. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. Normas de calidade ambiental e paisaxística. Normas de aplicación directa.

9. Instrumentos de planeamento urbanístico. Avaliación ambiental estratéxica. Vixencia e efectos da súa aprobación. Vixencia, revisión e modificación. Efectos da aprobación Réxime transitorio.

10. O Plan Básico autonómico. O Plan Xeral de Ordenación Municipal. Determinacións. Procedemento para a aprobación do plan básico autonómico. Procedemento para a aprobación do plan xeral.

11. O planeamento de desenvolvemento: plans parciais e plans especiais. Outros instrumentos: Os estudos de detalle. Os catálogos. Contido, determinacións e documentación. Procedemento de elaboración e aprobación.

12. Execución do planeamento: disposicións xerais. Áreas de Repartición. Aproveitamento Tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a distribución de cargas e beneficios. Instrumento de equidistribución: contido, procedemento de aprobación, efectos e liquidación.

13. Os proxectos de urbanización. Execución e conservación de obras de urbanización.

14. Intervención na edificación e uso do solo. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Rexistro de soares e venda forzosa.

15. Sistemas de actuación. Elección do sistema. O cumprimento dos prazos de equidistribución e urbanización.

16. Sistema de compensación: estatutos e bases. Xunta de compensación. Sistema de concerto.

17. Sistema de cooperación. Sistema de expropiación.

18. Expropiación Forzosa na Lei de 16 de decembro de 1954 e Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1975.

19. Obtención de solo de sistemas xerais e locais.

20. Valoracións urbanísticas e expropiatorias. Regulación contida no texto refundido da Lei do solo e no Regulamento de valoracións (Real decreto 1492/2011, de 24 de outubro).

21. Títulos habilitantes de natureza urbanística: Licenzas Urbanísticas, definición, obxecto, actos suxeitos a licenza. Documentación e procedemento. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

22. Prazos de edificación. Caducidade das licenzas. As licenzas de ocupación dos inmobles. Revisión e suspensión das licenzas. Actos promovidos por administracións públicas.

23. Comunicacóns previas e declaracións responsables. Definición, obxecto e procedemento para a tramitación. Prazos. Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia. A regulación integrada do exercicio de actividades

24. Parcelacións urbanísticas, segregacións e división de terreos. Usos e obras provisionais. Edificios fóra de ordenación

25. A situación de ruína. Supostos. Procedemento. Consecuencias da súa declaración. A ruína inminente.

26. Disciplina urbanística. Inspección urbanística. A protección da legalidade urbanística. Procedemento. Executividade. Suspensión e revisión de títulos administrativos. Supostos especiais.

27. Infraccións urbanísticas e as súas sancións. Prescrición, persoas responsables, órganos competentes para a imposición das sancións, o procedemento sancionador.

28. Ordenación do territorio: principios xerais. Normativa autonómica de ordenación do territorio. As directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011, de 10 de febreiro).

29. O Plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011, de 10 de febreiro).

30. Texto Refundido das Normas Subsidiarias do Planeamento do termo municipal de Arteixo (BOP de A Coruña número 69 do 26/03/2008; corrección de erros en BOP de A Coruña número 252, de 31/10/2008): Normas urbanísticas II: ordenanzas de solos urbanos residenciais.

31. Texto Refundido das Normas Subsidiarias do Planeamento do termo municipal de Arteixo (BOP de A Coruña número 69 do 26/03/2008; corrección de erros en BOP de A Coruña número 252, de 31/10/2008): Normas urbanísticas II: ordenanzas de solo urbano de núcleo rural.

32. Texto Refundido das Normas Subsidiarias do Planeamento do termo municipal de Arteixo (BOP de A Coruña número 69 do 26/03/2008; corrección de erros en BOP de A Coruña número 252, de 31/10/2008): Normas urbanísticas II: ordenanzas de solos non urbanizables.

33. O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

34. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

35. Lei 38/1999 de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e Garantías.

36. A redacción de proxectos e dirección de obras. O Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

37. Código técnico de edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e esixencias básicas.

38. Seguridade estrutural na edificación. DB-SE. Resistencia e estabilidade. Aptitude ao servizo. Relación con outras normativas estruturais. Normativa de accións na edificación. DB-SE-AE. Cimentacións na edificación. DB-SE-C. Estruturas DB-SE-A, DB-SE-F, DB-SE-M, e EHE.

39. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.

40. Seguridade de utilización na edificación. Esixencias básicas SUA1 a SUA 8.

41. Accesibilidade. Exigencia básica SUA 9. Seguridade de utilización e accesibilidade.

42. Normativa estatal vixente en materia de accesibilidade. Aspectos básicos da Lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. Real decreto 505/2007.

43. Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

44. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro. Conceptos básicos. Niveles de accesibilidade. Código accesibilidade.

45. Normas de habitabilidade de vivendas en Galicia. (Decreto 29/2010, do 4 de marzo)

46. Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia. (Decreto 128/2016, do 25 de agosto e Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño)

47. Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997. Disposicións mínimas. Disposicións específicas nas fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudio de seguridade e saúde: supostos de obrigatoriedade e contidos. Plans de seguridade e saúde. Principios xerais aplicables ao proxecto e á execución.
48. Xestión e tratamento de residuos no sector da construción. Reciclaxe de residuos.
49. O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adjudicación. Formalización do contrato. Comprobación da implantación.
50. O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica. Esixencias de control de recepción e execución no Código técnico da edificación.
51. Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.
52. Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Zonificación. Usos permitidos, usos autorizables e prohibidos. Normas específicas para cada zona.
53. Lexislación do Patrimonio Natural de Galicia. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Categorías de espazos naturais protexidos, definicións. Composición da rede galega de espazos protexidos.
54. Clasificación do instrumentos de planificación do recursos e dos espazos naturais que hai que protexer. Regulación dos usos e das actividades nos espazos naturais protexidos.
55. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural. Clasificación, declaración e catalogación dos bens do Patrimonio cultural de Galicia.
56. Réxime de protección e conservación na Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio cultural de Galicia. Réxime específico de protección dos bens de interese cultural. Réxime específico de protección dos bens catalogados.
57. Estradas e ferrocarril, lexislación estatal e autonómica. A Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
58. A Lexislación en materia de augas. O Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. Regulamento do dominio público hidráulico. Bens que o integran. Protección do DPH. Réxime de usos.
59. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia.
60. Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. RD. 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas. O dominio público marítimo terrestre.
61. Limitacións da propiedade sobre os terreos contiguos á ribeira do mar por razóns de protección do dominio público marítimo terrestre: servidume de protección, servidume de tránsito e servidume de acceso ao mar
62. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. O Real Decreto 2816/1982, do 27 de outubro, do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.
63. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
64. A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
65. A Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído. O Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. O Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
66. Ordenanza municipal do Concello de Arteixo de obras e servizos no dominio público (Ordenanza non fiscal núm. 18).
67. Ordenanza municipal do Concello de Arteixo do control e supervisión da execución de obras (Ordenanza non fiscal núm. 36).
68. Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Regulamento dos servizos de prevención (RD 36/1997). As obrigas de prevención de riscos na subcontratación.

ANEXO III: Modelo AUTOBAREMO

D/Dña.....con DNI..... optando á convocatoria para cobertura en propiedade (funcionario/a de carreira) dunha praza de ARQUITECTO/A do Concello de Arteixo (OEP 2022) achega o presente xunto coa instancia de participación declarando a veracidade dos méritos relacionados.

AUTOBAREMO: (para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido nas Bases reguladoras e lembre que **NON debe aportar a documentación acreditativa ate resolución da Fase de oposición**, trala que se abrirá un prazo de presentación de documentación para os/as aspirantes APTOS/AS de dita fase de oposición)

1 MÉRITOS ACADÉMICOS .: ate un máximo de 15 puntos (non sendo resultado da suma dos máximos parciais)

Apartado 1.A FORMACIÓN DIRECTAMENTE RELACIONADA (máximo 15 puntos)

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado 1.B : FORMACIÓN INDIRECTAMENTE RELACIONADA (máximo 5 puntos)

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado 1.C (lingua galega) (máximo 1 punto)

Entidade formadora	Titulación (especifique)	Puntos

TOTAL MÉRITOS ACADÉMICOS : _____ puntos (máximo 15 puntos)**2.EXPERIENCIA PROFESIONAL** (Max. 25 puntos)

Especifique a Admón local// Consellería de Admón autonómica ,etc / especifique empresa de outros	Posto de traballo (Especifique o que figure en toma de posesión ou contrato)	(especifique 2.1 ; 2.2, 2.3 ; 2.4 -)	Datas inicio e remate	Nº días / meses	Grupo Cotización	puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

TOTAL MÉRITOS PROFESIONAIS : _____ puntos (máximo 25 puntos)**TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO: PUNTUACIÓN A+B** (máximo 40 puntos): puntos

En, o día de..... de(data/mes/ano)

Data, DNI e Sinatura do/a aspirante:

Arteixo, 12 de xuño de 2023

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONS)

2023/4749